

Contra a teima taxonómica

Urxe crear espazos de encontro interxeneracional arredor dos libros. Por que non propoñer lecturas familiares? // Dolores Vilavedra

Hai tempo que quería formular en público unha reflexión arredor dos criterios cos que delimitamos iso que adoito se denomina literatura xuvenil. Á marxe do debate terminolóxico, o asunto ten que ver cun dos principais desafíos que a literatura galega ten que afrontar, e que non é outro que asegurarse unha base lectora que garanta o seu futuro. Esa base só pode constituírse a partir da mocidade, unha mocidade que, se xa non semella ter o libro entre os seus principais centros de interese, moito menos o libro galego.

Propoño un chisco de autocrítica. Se cadra nós, os adultos, os que montamos este enredo literario, temos algunha responsabilidade no seu desinterese. ¿Sabemos o que len? ¿Estamos dispostos a lelo? ¿Que opinión nos merece? ¿Somos igual de esixentes cos textos que lles damos a ler que cos que seleccionamos para nós? Tentar responder con honestidade a estas cuestións xa é algo, como o é lembrar a nosa mocidade lectora. Lembremos o alento transgresor, os interrogantes aos que procurabamos resposta nos libros, e como os utilizabamos para visitar furtivamente o mundo adulto, para derrubar fronteiras e para subverter a orde do establecido. Antes iso era relativamente doado pero ¿e hoxe? ¿Non estaremos a acurrallar os mozos e mozas lectores no recanto do politicamente correcto? A literaria é a menos perigosa de todas as transgresións posibles, ¿para que impedita?

É urxente non só rachar as fronteiras da literatura xuvenil senón tamén crear espazos de encontro interxeneracional arredor dos libros. Deámoslles aos lectores novos a ocasión de opinar, de contrastar as súas lecturas coas nosas, de suxerir e criticar. ¿Porque non deseñar un plan de lecturas familiares, que vaian pasando de man en man e que sexan obxecto de discusión compartida?

A idea xa me ven remoendo nos miolos nos últimos meses, tras ese fenómeno mediático que foi *O neno do pixama a raías*; logo apareceu *O único que queda é o amor* de Agustín Fernández Paz, e eu pensei que se Agustín escribise noutra lingua a súa obra podería acadar tanta repercusión como a de John Boyne. Despois, a miña filla maior, que ten 14 anos,

farta de oírme gabar o *Fin de século en Palestina* de Murado, apañou o libro e púxose a debullar nel coa satisfacción de quen goza dunha sobremesa contundente. Xa non me quedaba outra que entoar o *mea*

culpa ante tanto libro vetado polos nosos prexuízos e a nosa teima taxonómica. Propóñolles logo unha selección de novidades literarias que poidan servir de lectura estival a un amplo abano de lectores.

Unha puta percorre Europa (Galaxia, 2008) de Alberto Lema, ben lonxe dunha novela de tese, pode dar pé para interesantes debates extraliterarios. Publicada na colección Illa nova, que desta volta si cumpre a súa función de plataforma de presentación de voces noveis, a frescura da linguaxe, a axilidade da narración e un punto provocador convérteno nun acerto seguro. Esa mesma capacidade para turrar da lectura ten **As mellores intencións** (Xerais, 2008) de Begoña Paz, unha sólida proposta dunha autora que –intúo– ten moito máis que dicir do que a súa prudente traxectoria literaria aparenta.

O policial sempre dá xogo, e este verán temos ocasión de reencontrarnos co detective Frank Soutelo mergullado nos ambientes hollywoodienses en **Tres disparos e dous friames**

(Galaxia, 2008). Tamén Verne é dos que nunca fallan: propóñolles **Viaxe ao centro da terra** (1985) e **A volta ao mundo en 80 días** (1983), anosados pola man experta de Valentín Arias na reactualizada colección Xabaril de Xerais.

Moita expectación hai arredor de **Festina lente** (Xerais, 2008) de Marcos S. Calveiro, ata agora só coñecido como autor de textos para a rapazada. Con toda a maxia da novela histórica, a acción desta transcurre nunha Compostela inquisitorial que acubilla un código misterioso. Elementos clásicos sobre os que o autor deita unha ollada persoal que codifica nunha linguaxe engaiolante como poucas se poden escoitar arestora na narrativa galega.

Rinoceronte estrea colección, Bagaxe de peto, que debería servir para darlle unha segunda oportunidade a traducións dignas de mellor fortuna comercial cá que tiveron orixinalmente na Contemporánea. Velaí o caso de **O bosque dos raposos aforcados** de Arto Paasilinna, unha novela tan brutalmente absurda que só nos deixa rir para non chorar, e dos poemas de **Só o silencio me responde** de Anna Akhmatova. Unha única pega: quizais resulten un chisco careiros, para seren libros de peto. Iso si, moi ben editados, como acostuma Rinoceronte.

Ademais de con Akhmatova, na poesía quedo con Xosé A. Neira Cruz en **De esparto e seda** (Espiral Maior, 2008), un percorrido polas formas que adopta a memoria sentimental da voz poética. Un catálogo de experiencias recicladas no que calquera pode atopar un poema que o faga vibrar.

Para os que están convencidos de que a lectura de textos teatrais non precisa de ningunha outra xustificación que o pracer en si mesmo, a publicación en Galaxia de **Antígona. A cartuxeira. Neuras** (2008) de M^a Xosé Queizán é unha boa ocasión para descubrir unha nova faceta desta muller multidimensional, pois das tres pezas teatrais que contén o libro só a primeira foi editada con anterioridade –de feito, é a súa única obra teatral publicada–.

Quen visite as librerías galegas reparará en que comezan a ser abondas as editoriais foráneas interesadas por ofrecer traducións ao noso idioma. Tal proliferación amosa que aí hai negocio, e que as empresas de fóra de Galicia queren un anaco do pastel. Lonxe de min clamar por proteccionismos numantinos pero ¿estamos acertando coa política de apoio á tradución? Esperemos que a aposta de El Andén, con **As fillas do César** (2008) de Pablo Núñez, unha entretida novela histórica traducida do castelán e con todos os ingredientes dunha lectura de vacacións, teña continuidade. O contrario sería malbaratar recursos, aínda que o feito de que El Andén estea tamén comprometido coa tradución de autores galegos ao castelán permítenos agardar que a súa relación coas nosas letras teña un futuro bidireccional.

